

O ribadense Xabier Campos está facendo unha escolma de corenta narracións

Edicións Positivas prepara unha recompilación de contos xitanos

O filólogo Xabier Campos (Ribadeo, 1978) está preparando unha antoloxía de contos populares xitanos que será publicada por Edicións Positivas de Santiago. Reunirá corenta relatos xerados nos máis diversos lugares tirados de diversos volumes que apareceron en español, portugués e catalán e que el traduce para o galego.

REDACCIÓN. JAUREGUIZAR

Xabier Campos aclara que a idea de recompilar por primeira vez relatos de xitanos veulle proposta polo editor, Paco Macías, no ámbito do consello de redacción da revista *Animal*, que dirixe Macías e do que forma parte Campos.


Recoñece o antólogo que "hai pouca literatura xitana, o que atopamos foron libros de autores cataláns, estudos feitos por expertos de Finlandia, Francia e Portugal. Como curiosidade apunta que "moitos proceden de Inglaterra e Irlanda, onde me sorprendeu a cantidade de narracións que se recolleron en libros". Orixes máis agradables son as dos países con asentamentos desta etnia, como son a India ou os do sur e este de Europa.

As narracións sobre as que traballa son de carácter e técnica populares e manteñen, dende ese punto de vista, semellanzas cos contos orais das restantes culturas. "O que ocorre con estes relatos é que a xente que os conta os diferencia" segundo a

súa idiosincrasia, tratando de singularizar o que son temas e historias universais.

Os xitanos "levan os contos ó seu mundo, pero son os de rico contra pobre, as paradoxas; as relacións de fidelidade ou traición, as de amor,... que adaptan á cultura xitana e que no seu caso pode ser de enfrontamento co paio ou características como as das profesións nas que se foron ocupando, como poden ser as de músico —abondan os violinistas—, chararreiros ou ferreiros". Apunta Campos un elemento único da narrativa xitana como é "a defensa da raza no sentido de pedir a dignificación, denunciando as vexacións ás que foron sometidos e os tópicos que hai sobre eles".

O volume carecerá de aportacións galegas porque o estudio de campo que se pode facer coas comunidades asentadas no país valería de pouco porque "agora son iguais co resto da xente, no vestir, no relacionarse,... o cambio xeracional que se deu de avós a netos no caso dos paiois, tamén se ve na comunidade xitana, porque é máis perme-



AEP

Xabier Campos traduce do español, portugués e catalán ó galego

able do que poida parecer".

Incide o antólogo na ausencia de localización nos relatos, que "sempre falan de lugares ou países moi en xeral, sen dar datos

coa excepción dos que proceden de Inglaterra ou Irlanda". Os contos máis antigos son do século XIX, cando se toma conciencia da literatura popular.